

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



UNHA VIDA
VIQUINGA

EXPOSICIÓN

Museo Centro Gaiás
Xullo 2024—Xaneiro 2025
Cidade da Cultura de Galicia
Santiago de Compostela

Dossier de prensa



**XUNTA
DE GALICIA**





Pedra rúnica (copia)
Statens Historiska Museer

UNHA VIDA VIQUINGA

EXPOSICIÓN
MUSEO CENTRO GAIÁS
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XULLO 2024— XANEIRO 2025

A exposición internacional *Unha vida viquinga* é un dos proxectos máis destacados da programación da Cidade da Cultura para 2024. Comprende arredor de 120 pezas, das que un centenar proceden de fóra de España e pertencen a museos de historia e arqueoloxía de referencia en Europa arredor da cultura viquinga, entre eles catro museos nacionais e unha biblioteca nacional.



Pedra pictórica Smis con barco e guerreiros. Statens Historiska Museer. Persoal do SHM, Historiska museet/SHM (CC BY 4.0)

A través dunha gran diversidade e obxectos históricos e arqueolóxicos, a exposición afonda na cultura nórdica durante a Idade Viquinga (da segunda metade do s.VIII á segunda metade do s.XI) máis alá dos preconceptos e estereotipos da cultura popular sobre esta civilización.

O público visitante descubrirá a cultura viquinga máis alá de Escandinavia, a súa interacción con outros pobos e terras, tanto en intercambios violentos e conquistas, pero tamén a través de asentamentos ou do establecemento de relacións comerciais.

O relato da mostra estrutúrase arredor da vida dunha persoa na Idade Viquinga: desde o seu nacemento, infancia, xuventude e madurez, ata despois da súa morte, permitindo coñecer esta civilización desde unha perspectiva variada e moi humana, nun enfoque innovador que combina eventos de diferentes décadas e séculos dentro do límite temporal de "unha vida".

Está comisariada pola doutora en Estudos Escandinavos pola Universidade de Aberdeen, investigadora e especialista na Idade Viquinga, Irene García Losquiño.

Fíbula Smørenggård
The National
Museum, Denmark
(CC BY 4.0)



O MÁIS DESTACADO:

Obras nunca antes
exhibidas en Galicia

Unha ollada á pegada
viquinga en Galicia

En colaboración con
museos nacionais de Suecia,
Dinamarca, Francia e España

Con grandes
especialistas na historia
e cultura escandinava

Un enfoque
innovador que foxe
de estereotipos

A EXPOSICIÓN EN CIFRAS:

4 Países

13 Destacados
museos e
coleccións

120 Pezas
históricas e
arqueolóxicas

7 Museos
internacionais

4 Museos Nacionais
de Arqueoloxía e
Historia

1 Biblioteca
Nacional

Espada viquinga
Statens Historiska Museer
Mohr, Jens, Historiska
museet/SHM (CC BY 4.0)

A CULTURA VIQUINGA MÁIS ALÁ DOS ESTEREOTIPOS

Partindo do título da mostra, o discurso expositivo da mesma presenta seccións temporais percorrendo unha vida viquinga desde a infancia, xuventude e madurez ata a morte e o máis alá, conxugando aspectos da vida cotiá con eventos de distintas épocas que permitan achegarse a esta cultura e comprender o legado da Idade Viquinga, desde a segunda metade do s. VIII ata a segunda metade do s. XI.



Relicario irlandés con runas, Ranvaik's Casket. The National Museum, Denmark (CC BY 4.0)

Espada de madeira de xoguete Statens Historiska Museer Kalmar, Sven, SHM (CC BY 4.0)



Ademais, dentro dun modelo de presentación da historia feminista e inclusivo, a mostra afástase de discursos hipermasculinizantes que por veces dominaron o relato sobre o mundo viquingo. Todas as seccións da mostra amosarán pezas que representen tanto a mulleres como a homes, por veces rompendo prexuízos e preconceitos sobre os roles de xénero no pasado (algún exemplos poden ser un peite como obxecto masculino, ou a presenza de mulleres nas campañas guerreiras ou de exploración). Unha das claves da mostra

será precisamente a diversidade de obxectos exhibidos para reconstruír cada etapa da vida viquinga.

Asemade, a mostra recorre a contidos tecnolóxicos, ilustracións de gran formato e animacións audiovisuais para achegar ao público monumentos viquingos, restos arqueolóxicos e grandes fitos da súa cultura inmaterial.

'GALICIA VIQUINGA'



As viaxes marítimas e conquistas terán espazo no discurso expositivo, tratándose varias localizacións de contacto desta civilización na diáspora, entre as que se inclúe Galicia.

A forza da expansión viquinga chegou ás costas galegas co mesmo ímpeto co que impactou noutros lugares do mundo, e malia non ser Galicia un territorio masivamente asentado por viquingos, varios séculos de visitas continuadas si deixaron a súa pegada, especialmente en áreas como a Ría de Arousa ou a ribeira do Ulla.

En Galicia atopamos exemplos tanto de contacto violento continuado, como de asentamento a medio prazo en forma de campamentos, ou lugares onde se forxaron firmes alianzas e relacións de tipo comercial.

Afondar nesta civilización significa tamén afondar no noso pasado e coñecer mellor unha parte da nosa historia e de nós mesmos.

DESTACADOS MUSEOS INTERNACIONAIS



Colgantes feitos con moedas anglosaxonas
Statens Historiska Museer
Hildebrand, Gabriel,
Historiska museet/SHM
(CC BY 4.0)

Xerra de cerámica
importada do Rin
Statens Historiska Museer
Voronin, Pavel, The History
Museum/SHM (CC BY 4.0)

INSTITUCIÓNS CEDENTES DE OBRA:

- **SUECIA:** Statens Historiska Museet (Museo Nacional de Historia) e Ekonomiska Museet (Estocolmo); Sigtuna Museum (Sigtuna); The Gotland Museum (Gotland)
- **DINAMARCA:** Nationalmuseet i København (Museo Nacional de Dinamarca en Copenhagen)
- **FRANCIA:** Musée d'Archéologie Nationale et Domaine National de Saint-Germain-en-Laye (Yvelines)
- **MADRID:** Museo Arqueológico Nacional, Biblioteca Nacional de España, Real Academia de la Historia
- **GALICIA:** Museo de Pontevedra; Museo das Peregrinacións e de Santiago; Diócese de Mondoñedo
- [+ Colección privada Shane McLeod]

Museo Nacional de Historia de Suecia (*Historiska Museet*)

Fundado en 1866, é un museo histórico e arqueolóxico estatal situado en Estocolmo. Afonda en todo o relativo á historia e á cultura de Suecia desde o Mesolítico ata a sociedade actual. Conta cunha ampla colección que exhibe en varias exposicións permanentes arredor da Historia de Suecia, a Arte Medieval ou a Cultura Viquinga. [<https://historiska.se/>]

[*] Procedentes de Suecia, contarase ademais cunha gran cantidade de obras das coleccións arqueolóxicas dos museos de **Gotland** e **Sigtuna**.

Museo Nacional de Dinamarca en Copenhague (*Nationalmuseet i København*)

Situado na capital danesa, é o museo de historia cultural máis grande do país e as súas coleccións inclúen importantes

obxectos da Idade Viquinga, da época prehistórica, e tamén unha destacada colección etnográfica con pezas de todo o mundo. [<https://natmus.dk/>]

Museo Arqueolóxico Nacional de Francia (*Musée d'Archéologie Nationale et du Domaine National de Saint-Germain-en-Laye*)

Dedicado á arqueoloxía de Francia, conta cunha das coleccións máis importantes de Europa, composta por arredor de 30.000 pezas en exhibición (e máis de dous millóns de obxectos nos seus depósitos) que afondan nas actividades humanas desde o Paleolítico ata a primeira Idade Media. [<https://musee-archeologienationale.fr/>]

A estes tres grandes museos internacionais, súmanse tamén obras chegadas de Madrid, do **Museo Arqueolóxico Nacional (MAN)** e a **Biblioteca Nacional de España (BNE)**.

COMISARIA:

Irene García Losquiño



Irene García Losquiño (Elche, 1984) | Doutora en Estudos Escandinavos e Máster en Estudos Medievais pola Universidade de Aberdeen. É investigadora e especialista na Idade Viquinga e liderou proxectos interdisciplinares que se centran na presenza viquinga na Península Ibérica en comparación con outras áreas como Inglaterra ou Normandía.

Foi profesora de universidade e investigadora en institucións españolas, suecas, americanas e escocesas e publicou traballos académicos sobre as runas e os contactos interculturais no período viquingo. O seu traballo foi recoñecido con premios da Real Academia Gustavus Adolphus de Suecia.

Participou na serie documental *Real Vikings* —da produtora do

exitoso drama televisivo *Vikings*—, colaborou con publicacións como *Muy Historia* ou *Historia National Geographic*, e actuou como asesora en proxectos culturais.

Actualmente exerce como investigadora na USC e no Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).

COMITÉ CIENTÍFICO ASESOR:

Neil Price | Catedrático distinguido de Arqueoloxía da Universidade de Uppsala. Especialista en costumes funerarios, campañas militares, xénero e relixión da Idade Viquinga.

Charlotte Hedenstierna-Jonson | Investigadora senior no proxecto *The Viking Phenomenon* da Universidade de Uppasale e o Museo de Historia de Suecia. Especialista en cultura material, marcial, economía, mobilidade e xénero na Idade Viquinga.

Alexandra Sanmark | Catedrática de Arqueoloxía Medieval do Instituto de Estudos do Norte, University of Highlands and Islands. Especialista en prácticas legais, cristianización e xénero na Idade Viquinga.

Declan Taggart | Doutor pola Escola de Estudos Escandinavos da Universidade de Aberdeen.

Investigador postdoutoral en Háskóli Islands, onde traballa sobre normas morais, relixión e estrutura social na Islandia e a Escandinavia precristiás.

Stefan Brink | Catedrático de Estudos Escandinavos na University of Highlands and Islands e investigador honorario en University of Cambridge. Foi catedrático de Estudos Escandinavos na Universidade de Aberdeen e director do Centro de Estudos Escandinavos.

Rosa M. Rodríguez Porto | Investigadora Ramón y Cajal na Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Historia da Arte Medieval, manuscritos e as influencias artísticas escando-ibéricas na Idade Media.


Inés García López | Investigadora na Universidade Rovira i Virgili. Especialista en literatura nórdica, nórdico antigo, recepción e xénero; tradutora de sagas islandesas e poesía escáldica.

José Carlos Sánchez Pardo | Profesor titular de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en arqueoloxía da paisaxe medieval galega e europea, con experiencia na temática viquinga.

Manuel Gago Mariño | Xornalista cultural, profesor da Universidade de Santiago de Compostela e comisario de exposicións. Especialista en tecnoloxía e divulgación do patrimonio nacional.

GAIÁS, CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un motor para impulsar proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía e un punto de conexión de Galicia co resto do mundo. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, esta cidade que parece xurdir da terra eríxese como unha icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.



Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega

de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

O Edificio Fontán. Converte a Cidade da Cultura de Galicia nunha referencia en investigación e colaboración internunversitaria e en estudos do patrimonio, acollendo o Centro Europeo

de Investigación en Paisaxes Culturais, o Instituto de Ciencias do Patrimonio (dependente do CSIC) e servizos que dan apoio ás tres universidades galegas.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.



Colgante con forma de escudo
Statens Historiska Museer
Myrin, Ola, Historiska museet/
SHM (CC BY 4.0)

UNA VIDA VIQUINGA

EXPOSICIÓN

Museo Centro Gaiás (andar 1)

Xullo 2024—Xaneiro 2025

Cidade da Cultura de Galicia –

Santiago de Compostela



Broche en forma
de barco.
The National
Museum, Denmark
(CC BY 4.0)



**XUNTA
DE GALICIA**